EXERCICIOS DE APOIO

Exercicios de realización libre. Coa realización destes exercicios preténdese que sexas ti mesmo/a quen esquematices ou resumas coas túas propias palabras os contidos de cada aspecto teórico. Por isto, podes elaborar unha táboa de modo que representes mellor cada concepto complexo da unidade. Ademais, estes exercicios tamén tratan de facerche ver a utilidade dos recursos esquemáticos e sintéticos para concentrar a información, e o interese que posúen como método de estudo e recuperación da información. De todas as maneiras, sempre se dá unha solución ou, polo menos, un modelo para orientarte.

1.- Resume a actividade editorial desenvolvida en América e refírete a Luís Seoane.

2.- Redacta unhas dez liñas sobre a innovación que supón A *esmorga* na novela galega.

3.- Comenta a obra coa que se considera que comezou o renacemento da literatura galega nos anos corenta.

4.- Redacta unhas dez liñas sobre *Merlín e familia*: argumento, personaxes, narrador, etc. Caracteriza a narrativa de Ánxel Fole.

5.- Explica a orixe do poema *Longa noite de pedra* e o proceso polo que se converte en título do libro e até nome dunha etapa histórica.

6.- Cales son as grandes achegas de Díaz Castro e de Pimentel á poesía galega? Caracterízaas.

7.- Comenta os precedentes da poesía social de Celso Emilio Ferreiro e tamén os precedentes da chamada Xeración ou Escola da Tebra.

8.- Caracteriza en dez liñas *Xente ao lonxe* de Blanco Amor.

9.- Analiza en quince liñas a poesía dos setenta.

10.- Analiza nunhas cinco ou dez liñas *Memorias dun neno labrego* e explica en que consiste o realismo social.

SOLUCIÓN:

1.

Publicación de revistas como *Galicia Emigrante*, *Vieiros*. Estrea de *Os vellos non deben de namorarse*. Publicación de obras como *Sempre en Galiza* (1947), *A esmorga* (1959), *Memorias dun neno labrego* (1961). Cómpre salientar o labor editorial de Luís Seoane coas colecciónes *Dorna e Hórreo*, de libros galegos ou de tema galego.

2.

Redución temporal, perspectivismo, voltas atrás ou *flash-back*, tremendismo, antiheroes…etc.

3.

Cómaros verdes (1947), de A. Iglesia Alvariño. A obra mestura neotrobadorismo e hilozoísmo; acada unha gran categoría na presentación da paisaxe natural, de xeito que se ten comparado con Virxilio.

4.

Filipe, narrador testemuña e criado de Merlín, relata os feitos marabillosos do seu amo, que vive retirado en Galicia. Recupera a tradición do conto popular e hai que salientar nel a adecuada mestura de realismo e fantasía.

5.

A súa orixe está na prisión que o propio poeta sufriu nunha cela toda ela de pedra no convento de Celanova, habilitado como prisión durante a Guerra Civil. O título do poema gustoulle tanto ao editor do libro, Fernández del Riego, que llo asignou a toda a obra. Posteriormente converteuse en metáfora dos corenta anos de falta de liberdades, 1936-1976.

6.

Díaz Castro presenta unha poesía existencial angustiada por buscarlle un sentido á vida e por superar a angustia da morte. Pimentel presenta unha sensibilidade fina ferida por un mundo exterior desagradable e duro, de xeito que a poesía se converte en refuxio para o poeta. Deste xeito *Nimbos* e *Sombra do aire na herba* son dous clásicos da poesía galega contemporánea.

7.

Podemos considerar precedentes da poesía social de Celso Emilio a poesía do exilio, especialmente a de Luís Seoane; no interior, un claro precedente é *Documentos persoaes* (1958), de Manuel María. Os poemarios *Muiñeiro de brétemas* (1950), de Manuel María, e especialmente *Fabulario Novo* (1952), de Cuña Novás, son considerados precedentes da poesía existencial pesimista da *Escola da Tebra*.

8.

Novela social e de aprendizaxe, distintos narradores e distintos puntos de vista, protagonista individual e protagonista colectivo, frecuentes voltas atrás, redución temporal.

9.

Cómpre salientar a importancia de *Con pólvora e magnolias*, *Mesteres*, *Seraogna* e grupos vangardistas como *Rompente*.

10.

Cómpre sinalar o narrador en primeira persoa e a estrutura de memorias ou diario. Literatura que ten como obxectivo principal que o lector tome conciencia das inxustizas sociais.